

Prefacio

Por que é preciso filosofar, ou o que é o mesmo, por que desenvolver un pensamento metafísico? E o que agora nos interesa máis: por que necesita facelo Heidegger? Se non houberse ningún motivo, entón a indagación sería arbitraria e superflua. Aristóteles aseguraba que a necesidade humana de saber obedecía a unha apetencia natural motivada por unha curiosidade psicolóxica que produce agrado cando se logra satisfacer. Kant aseguraba que é connatural á razón humana, cando coñece, verse atormentada por preguntas inevitables que ao mesmo tempo son imposibles de resolver. Ambos, polo tanto, consideran que o filosofar forma parte da natureza humana. Heidegger, continuando esta tradición, dirá que a filosofía ou metafísica é o acontecemento fundamental da existencia humana ou, incluso, que é a existencia humana mesma¹. De aí que para el sexa unha esixencia inexorable interesarse pola pregunta fundamental da metafísica. Pero, por que é tan necesaria esta cuestión? Que representa para o ser humano? Por exemplo, en Aristóteles, e de forma máis limitada en Kant, a inclinación humana cara ao coñecemento comporta igualmente a necesidade vital de principios éticos e políticos, o que á súa vez vese finalmente reflectido nas súas filosofías. En cambio, aparentemente, esta dimensión práctica está ausente no pensamento heideggeriano. Aínda así, o asunto non está nada claro. Por exemplo, Emmanuel Faye sostén a tese de que Heidegger ofrece un pensamento que lexitima o nazismo. Así mesmo, despois da publicación dos *Cadernos negros*, algúns autores manteñen que ese pensamento tamén contén claros elementos antisemitas moralmente reprobables. De modo que o problema está servido. Estamos ou non ante un pensamento amoral e apolítico? Se a resposta fose negativa, quere iso dicir que as anteriores acusacións ao mellor son lícitas? E de ser así, en que lugar quedarían os defensores de Heidegger plenamente

1 Cfr. Martin Heidegger, “¿Qué es metafísica?”, Alianza Editorial, Madrid, 2003.

convencidos? É esta unha cuestión que foi profusamente tratada na literatura filosófica, polo que podería pensarse que nada novo, ou case nada, pode dicirse xa sobre ela. Con máis razón se o que escribe faino desde a periferia filosófica e desde unha lingua que non sexa o alemán. Intentalo, entón, parece unha ousadía condenada ao fracaso ou, o que aínda é peor, ao silencio público. Tal vez o mellor sería calar. A pesar diso, convencidos do principio de que toda filosofía contén unha política, aínda que só sexa potencialmente, o que se cumpriría sobre todo no caso de Heidegger, propoñémonos neste traballo adentrarnos na controversia co obxectivo de proporcionarlle unha resposta ou, cando menos, aportar sobre ela unha perspectiva filosófica que afecta ao corazón mesmo do pensamento heideggeriano, sen quedarnos, como é moi habitual, na anécdota biográfica ou na superficialidade de simplemente seriar citas illadas sen consistencia filosófica. Só a lectura do que segue poderá acreditar se é ou non así. Basicamente, despois dunha breve referencia a certos feitos históricos, o traballo divídese en tres partes: coméntanse algúns textos heideggerianos ineludibles de significado político; preséntase a polémica filosófica sobre o asunto Heidegger desde a selección duns poucos autores que nos parecen significativos e, por último, ofrecemos a nosa visión da conexión entre filosofía e política en Heidegger.

Quero expresar a miña débeda con Xosé Cabido Pérez, Isidoro Teira Fernández e Abraham Rubín, que coas súas suxestións e axudas contribuíron a mellorar este traballo, se ben todos os erros que poidan atoparse unicamente son atribuíbles a quen escribe. Así mesmo, agradecer, e querer, a perspicacia e o estímulo constante de Mar Gómez Rodríguez en beneficio da claridade. Finalmente, encomiar a Laiovento por darme a oportunidade de publicar este escrito.

ÍNDICE

Prefacio	11
Introdución	13
1. O camiño da política	21
2. O camiño político visto desde a filosofía	29
2.1. O <i>Discurso</i>	30
2.2. Os <i>Cadernos negros</i>	34
2.2.1. Nos anos da posible decisión	38
2.3. A autoxustificación	42
3. Unha polémica interminable (K. Löwith, N. G. Varela, O. Pöggeler, A. Leyte, R. Safranski, R. Rodríguez)	47
3.1. O preludio dunha decisión política	48
3.2. Os “emisarios” de Heidegger	62
3.2.1. A política entendida en sentido amplo	62
4. A polémica despois da publicación dos <i>Cadernos negros</i> (P. Trawny, F-W von Herrmann, F. Alfieri)	79
4.1. Unha crítica temerosa	81
4.2. O “núcleo duro” do heideggerianismo	86
5. A <i>heideggerpolis</i> implícita no pensamento do ser	113
5.1. O futuro de Occidente e o poder da filosofía	119
5.2. O espírito <i>alemán</i> en Occidente	127
5.2.1. O espírito filosófico e os seus inimigos	136
5.2.2. A conformación do histórico “eu fáctico” filosófico heideggeriano	139
5.2.3. A despiritualización positivista da filosofía e a crise das ciencias	150
5.3. A eclipse ontolóxica de Occidente e a necesidade dunha reforma espiritual	159

ÍNDICE

5.4. A praxe buscada.....	172
5.4.1. A primeira acción dun pensador	179
5.4.2. Unha <i>ética</i> de resistencia	190
5.4.3. O <i>τέλος</i> político do pensamento de Heidegger.....	197
6. Os poderes do ser	207
6.1. Alemaña ao rescate de Occidente	209
6.2. Nosoutros, os apátridas que se elevan sobre o seu tempo	218
6.3. A “ditadura” do <i>ser</i> ao rescate de Occidente	222
7. Balance final do proxecto heideggeriano.....	237
Epílogo	245
Bibliografía.....	247